

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 4 de decembro de 2014, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO DÉCIMO SEGUNDO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUERIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URXENTE DO SERVIZO DE MONITORAXE NA REDE DE COMEDORES ESCOLARES DO CONCELLO DE AMES.

A Mesa de Contratación, constituída no procedemento de licitación do servizo de monitoraxe na rede de comedores escolares do Concello de Ames, en sesión celebrada o 2 de decembro de 2014, formulou proposta de clasificación por orden decrecente de puntuación das empresas admitidas á licitación, de acordo co previsto no artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Publico.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011) adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Clasificar por orden decrecente de puntuación ás empresas participantes declaradas admitidas no procedemento, do seguinte xeito:

EMPRESA	PUNTUACIÓN REFERENCIAS TÉCNICAS	PUNTUACIÓN OFERTA ECONOMICA	PUNTUACIÓN TOTAL
A BILLARDA SL	39,50	47,44	86,94
SERUNIÓN S.A.	28,00	49,37	77,37
EULEN S.A.	22,00	47,65	69,65
GALICIA VELLA DE INVERSIONES Y LOGISTICA S.L.	23,00	46,32	69,32
CLECE S.A.	19,50	43,89	63,39

Segundo.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o licitador clasificado en primeiro lugar, á empresa A BILLARDA S.L., con CIF B- 27278845 son as seguintes:

A.- Prezo: O importe da oferta do antedito licitador ascende ao seguinte prezo

Prezo hora/monitor: 13,90 euros + IVE (10%)

Prezo/hora/coordinador: 13,00 + IVE (10%)

Prezo/hora/ limpeza: 8,50 euros + IVE (10%)

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria.

B. Duración do contrato: O contrato terá unha duración máxima de execución de **un ano e medio**, comenzando o día 1 de xaneiro do 2015, podendo prorrogarse expresamente por outro ano mais ata un máximo de **dous anos e medio** finalizando o servizo ao remate do curso escolar 2016/2017, (incluído período inicial e prórrogas).

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada..

No prazo de 5 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a seguinte documentación imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación:

A) Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario

1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa

2) Persoas xurídicas:

a) Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

b) Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

3) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

5) Demais empresas estranxeiras

a) Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

b) Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

B) Poderes

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

Verificación de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado b) da presente cláusula deberán bastantearse previamente polo secretario da corporación ou por un funcionario habilitado.

C) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 da TRLCSP.

Ademais aportarase acreditación de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa a seguridade

social, así como de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames.

D) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Os licitadores deberán

- 1) Acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire a cláusula 9.3.1 do prego de cláusulas administrativas.
- 2) Acreditar a solvencia técnica por calquera dos medios a que se refire a cláusula 9.3.2 do prego de cláusulas administrativas

E) Datos identificativos do licitador

Enderezo, nº teléfono, nº fax e correo electrónico do empresario e do seu representante, se é o caso, para as comunicacións con este Concello.

O empresario, ao presentar a súa oferta, dá o seu consentimento a estas formas de comunicación citadas no parágrafo anterior.

F) Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 7 do presente prego.

G) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 da TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

H) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación

Axustárase ao seguinte modelo:

"D/Dª..... con residencia
enprovincia derúa
nºsegundo DNIen nome propio (ou
da empresaá que representa no procedemento de
adxudicación do contrato denominado ".....")

AUTORIZA

Á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o considere oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente)"

Asemade deberá achegar:

- Documento acreditativo de ter constituída (en calquera das formas establecidas nos artigos 96 e 98 do TRLCSP, nas condicións previstas no artigo 97 do mesmo texto legal) unha garantía definitiva por un importe de **46.849,95 Euros** segundo se especifica na cláusula 17 dos pregos que rexeron para a licitación correspondente ao 5% do prezo de adxudicación de acordo co seguinte detalle:

	nº	horas	Duración Total (días)	prezo/hora Actual	
Coordinador	5	3,5	278	13	63.245,00
Monitor	76	2,5	278	13,9	734.198,00
Monitor apoio	12	2,5	278	13,9	115.926,00
Persoal Limpeza	4	2,5	278	8,5	23.630,00
					936.999,00
				Garantía 5%	46.849,95

- Documento xustificativo do reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá aboar ao concello **290,40.- euros** (La Voz de Galicia) e **311,93.- euros** (Boletín Oficial da provincia de A Coruña) facendo un total de **602,33.- euros**, en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.
- Copia da Póliza de Responsabilidade Civil subscrita pola contía mínima de seiscentos mil euros establecida na cláusula 34 dos pregos, así como de accidentes
- Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a catro de decembro de 2014, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde

A secretaria

Santiago V. Amor Barreiro